



## CIRCULAR INFORMATIVA 16/2018

### CURSOS E XORNADAS PARA OS MESES DE OUTUBRO E NOVEMBRO

O Colexio de Avogados, por proposta da súa Comisión Tecnolóxica, organiza os seguintes cursos ou xornadas para os meses de outubro e novembro en materia de **protección de datos, peritaxes informáticas xudiciais e ciberseguridade**.

#### 1. “Principais modificacións que atanguen aos despachos de avogados en materia de protección de datos tras a entrada en vigor da nova normativa”

**Día:** xoves, 25 de outubro

**Hora:** 19.30 h

**Lugar:** salón de actos do ICA de Santiago

**Matrícula:** gratuíta para colexiados/as ICAS;  
50 € para non colexiados/as

**Inscripción e prazo:** no teléfono 981 581 713, ata o mércores 24 ás 14.00 h

**Relator:** D. Jaime Tañá Ferreiro. Avogado especializado en protección de datos.

**Programa:**

- Novos principios reitores.
- Obrigas dos responsables e encargados do tratamento.
- Riscos, avaliación de impacto, delegado de protección de datos.
- Lexitimación do tratamento.
- Información que debe ser facilitada aos interesados.
- Outros supostos prácticos.

#### 2. “Curso de peritaxe informática e telemática. Análise forense informática”

**Día:** mércores, 21 de novembro

**Hora:** 19.30 h

**Lugar:** salón de actos do ICA de Santiago

**Matrícula:** gratuíta para colexiados/as ICAS;  
50 € para non colexiados/as

**Inscripción e prazo:** no teléfono 981 581 713, ata o martes 20 ás 14.00 h

**Relator:** D. Gerardo M. Zas García. Enxeñeiro informático e perito informático forense

**Programa:** Enviarase nunha próxima circular.



## CIRCULAR INFORMATIVA 16/2018

### 3. “A ciberseguridade nos despachos de avogados”

**Día:** martes, 27 de novembro

**Hora:** 19.30 h

**Lugar:** salón de actos do ICA de Santiago

**Matrícula:** gratuíta para colexiados/as ICAS;  
50 € para non colexiados/as

**Inscripción:** no teléfono 981 581 713, ata o luns 26 ás 14.00 h

**Relator:** D. Rafael Villaverde Mogo. Experto en ciberseguridade en Infonet e perito xudicial informático

**Programa:**

- A ciberseguridade para un avogado. Análise actual.
- Ameazas máis comúns para os avogados.
- A seguridade ante os ciberataques.
- Métodos preventivos máis eficaces (antivirus, anti-spyware etc.)